

PAIXÓN DOS FORTES 1740

John Ford, 1946

ESTREA EN NUMAX: 11.11.2026 | V.O.S.E. | 97 min

A Wyatt Earp (Henry Fonda), antigo sheriff de Dodge City, ofrécenlle o posto de comisario da cidade de Tombstone, pero rexéitao porque lle interesa máis o negocio de gandeiro ao que se dedica cos seus irmáns. Porén, cando un deles morre asasinado, acepta o posto vacante e nomea axudantes aos seus irmáns. Contará tamén coa amizade e a colaboración dun xogador e pistoleiro chamado Doc Holliday (Victor Mature).

O pase, incluído na Carta Branca a Ángel Santos, será presentado polo cineasta pontevedrés.

«Vostede viu camiñar a Henry Fonda? Pois iso é o cinema.»

John Ford



Sentir de novo o pracer do mellor cinema

Por David Vericat

"Coñecín a Wyatt Earp. Foi o que me contou a historia de O.K.Corral. Eu era entón axudante de dirección do meu irmán e rodabamos westerns. Os figurantes eran auténticos cowboys e eran verdadeiros amigos de Wyatt Earp. Viña con frecuencia a velos e puiden falar con el. Tremía ao achegarme a el, tanto me intimidaba. Era un home bastante corpulento, moi parco en palabras, dunha calma sorprendente. Non era un bo tirador, pero como era moi valente, achegábase moito ao seu adversario antes de disparar. Como na miña película, polo demais. Ninguén desenfundaba moi rápido no Oeste. Sacábase a pistola e avanzábase ata o inimigo. Deixábase disparar primeiro, e logo intentábase colocar a bala mellor ca el. En canto a Doc Hollyday, só desexaba matarse. Buscaba pelexa para poder ser morto" (John Ford)

Sempre que quero recrear o afastado oeste (o máis mítico, pero tamén o máis realista), volvo ao Tombstone de *Paixón dos fortes*, para o meu gusto o máis fermoso filme do mestre John Ford. Un escenario con vaqueiros que matarían por un bo afeitado; de vilas dunha soa rúa na inmensidade desértica de Monument Valley; de salóns ateigados de pistoleiros que afogan as súas penas entre grolos de whisky ao son dun vello e omnipresente piano; de dilixencias que marcan o paso do tempo aparecendo da nada para esfumarse de novo deixando un ronsel de po ao seu paso; de bailes e asaltos, de duelos e enterros, de persecucións ao galope, de borrachos, diáconos, solteronas e comediantes...

Un western de personaxes, todos complexos e fascinantes, desde o barman que nunca estivo namorado ("fun barman toda a vida") ata o malvado patriarca dos Clanton ("cando desenfundes o teu revólver, mata"), pasando polo atormentado Doc Hollyday e a indómita Chihuahua (unha das máis trxicas parellas da filmografía fordíá) e, como non, polo máis lendario de todos os pistoleiros, un Wyatt Earp tan implacable co revólver como apoucado á hora de decidirse a invitar a bailar a fermosa Clementine.

Un filme coa máis sincera e emotiva homenaxe ao teatro e ao maior creador da historia da dramaturxia pero, á vez, con gags memorables, ou repleto de pequenas accións que definen un carácter, un sentimento ou unha elipse temporal. Unha historia de tristes despedidas, como a do mozo James Earp, envolvido nun lúgubre ceo de fatalidade mentres observa afastarse os seus irmáns ou a de Wyatt Earp, ante a tumba do seu irmán, coas montañas de Monument Valley de fondo ("Tiveches pouco tempo, non, James?"), e de separacións cheas de esperanza, como a do propio Wyatt despois de bicar a fazula da moza Clementine (probablemente un dos máis belos bicos de amor da historia do cine). De encontros que forxan unha inquebrantable amizade (a de Doc Hollyday e Wyatt Earp, tras medir as súas forzas no salón) e reencontros que desvelan a imposibilidade de recuperar o tempo pasado.

Un relato sobre oportunidades perdidas (Doc Hollyday lanzando un vaso de whisky contra o seu rostro reflectido nun vello diploma) e ilusións renovadas (Clementine, de costas, observando esperanzada a silueta de Wyatt afastándose acabalo). Sempre que quero sentir de novo o pracer do mellor cine, volvo ao Tombstone de *Paixón dos fortes*.